



<u>Acta número:</u> 5	<u>Pleno do Concello</u>	
<u>Data da sesión:</u> 22.04.2013	<u>Carácter:</u> Ordinaria	<u>Convocatoria:</u> Primeira
<u>Lugar:</u> Teatro Principal.		<u>Hora:</u> 11:09

Asistentes

Presidente/a: D. Miguel Anxo Fernández Lores

D<sup>a</sup> María dos Anxos Riveiro Portela  
D. Xose Cesáreo Mosquera Lorenzo  
D<sup>a</sup> María do Carme Fouces Díaz  
D. Raimundo González Carballo  
D. Vicente Garcia Legísima  
D<sup>a</sup> María Carmen da Silva Méndez  
D. Xosé Luis Bara Torres  
D. Demetrio Gómez Xunqueira  
D<sup>a</sup> María do Pilar Comesaña Hermida  
D. Miguel Anxo Filgueira Touriño  
D. Jacobo Moreira Ferro  
D<sup>a</sup> María José Rodríguez Teso  
D. Ricardo Alfonso Heliodoro Aguilar Argenti  
D<sup>a</sup> Ana Isabel Vázquez Reboredo  
D<sup>a</sup> Beatriz García Riestra  
D<sup>a</sup> María Biempica Ortiz  
D. Pablo Fernández López  
D. César Alberto Abal González  
D<sup>a</sup> Rosa Encarnación Picallo Quiveo  
D. Miguel Ángel Meijón Couselo  
D<sup>a</sup> Eloisa María Nogueira Garrido  
D. Antonio Louro Goyanes  
D. Agustin Fernández González  
D<sup>a</sup> Carlota del Carmen Román García

Secretario Xeral do Pleno: D. José Luis Mato Rodríguez

Interventora: María Herculina Domínguez Martín, por substitución.

Incidencias.- Sendo as 11:09 horas do día indicado, pola Presidencia anúnciase o inicio da sesión, sendo interrompido inmediatamente por gran parte do público asistente, que semella ser persoas afectadas pola situación derivada da adquisición, no seu día, de obrigas preferentes e subordinadas.

Unha das persoas en cuestión achégase ata a Presidencia, instando a suspensión da sesión plenaria en solidariedade cos propios afectados.

Pola Presidencia ínstase aos portavoces dos grupos a que se aproximen á mesa presidencial, e neste momento mantense unha reunión entre estes, a propia Presidencia, e diferentes asistentes do público.

Acto seguido, sendo as 11:13, cada un dos anteriores recupera o seu asento, reanúdase a sesión e a **Presidencia** manifesta:

“Bos días de novo.

Entón en solidariedade coas persoas afectadas polas preferentes e subordinadas que sufriron atraco ou roubo descarado por parte de entidades bancarias, suspendemos o pleno pero temos acordado cos portavoces, simplemente someter a votación dous puntos que son de interese para os cidadáns de Pontevedra: un que é a información pública, o posicionamento en contra dos proxecto básico de supresión dos pasos a nivel do ramal ferroviario ao porto de Marín, promovido pola dirección de ferrocarrís do Ministerio de Fomento, que conta coa unanimidade por parte de todos os grupos; e tamén a proposta relativa á integración do Concello na Asociación rede CIVINET España e Portugal e a aprobación dos seus estatutos, porque cómpre ter unha aprobación plenaria para poder asistir a unha moi próxima reunión que se vai celebrar en Santander.

Polo tanto, sometemos a votación individualmente o primeiro punto, punto número 2.”

## **2.- ORDENACIÓN DO TERRITORIO: TRÁMITE DE AUDIENCIA E INFORMACIÓN PÚBLICA DO “PROYECTO BÁSICO DE LA SUPRESIÓN DE LOS PASOS A NIVEL SITUADOS EN LOS PP.KK. 5/224, 5/295, 5/359 DEL RAMAL DE ACCESO FERROVIARIO AL PUERTO DE MARÍN PROMOVIDO POR LA DIRECCIÓN GENERAL DE FERROCARRILES DEL MINISTERIO DE FOMENTO”.**

Por esta **Secretaría** advírtese que no punto dous hai unha addenda co fin de que, así mesmo, se vote.

Pregúntase pola **Alcaldía** cal é o seu contido, contestándose por esta **Secretaría** que, máis ben, se trata dun informe que se engadiu, a día de hoxe, ao expediente, que xa se lle entregou aos grupos e entón o acordo sería remitir as alegacións negativas, de acordo cos informes entre os que se incluíría este último que, polo tanto, haberá que engadir por urxencia.

Pregúntase pola **Alcaldía** se todos os grupos viron ese informe.

Polos presentes aséntese na súa inclusión no propio acordo a adoptar.

Seguidamente realízase a votación ordinaria, e o Pleno do Concello, por unanimidade (25), e de conformidade co ditame da Comisión Permanente de Ordenación do Territorio, Infraestruturas, Obras e Servizos, presta a súa aprobación á proposta do Director Xeral da Área de Urbanismo e Servizos Xerais, de data 18.04.2013, coa modificación presentada no día de hoxe, e, en consecuencia, acorda:



Primeiro.- Emitir informe municipal desfavorable no trámite de información pública e oficial subsecuente á aprobación provisional do “Proyecto Básico de la supresión de los pasos a nivel situados en los PPKK 5/224, 5/295 y 5/359 del ramal de acceso ferroviario al Puerto de Marín” que inclúe o preceptivo Estudio de Impacto Ambiental, estimando que a solución proposta non é a máis axeitada ao interese xeral nin as lexítimas necesidades e aspiracións da comunidade veciñal afectada, por cuxos intereses vela este Concello, achegando a este acordo os informes técnicos municipais emitidos polo Arquitecto Xefe da OTPXU e polo Enxeñeiro Xefe da OTMAIES en data 11/04/2013 así como o informe elaborado pola Xefatura do Servizo Municipal de Extinción de Incendios o 19/04/2013, que se remiten como parte integrante do presente informe municipal que se evacúa ao abeiro do disposto no art. 10 do Real Decreto 2387/2004, de 30 de decembro, polo que se aproba o Regulamento do sector ferroviario, formulando como alegacións ao proxecto e en relación aos intereses deste Concello, as contidas nos referidos informes municipais, con reiteración expresa das observacións recollidas no informe municipal do enxeñeiro xefe dos servizos técnicos de 13/07/1999, das formuladas no trámite de consultas sobre a decisión de avaliación de impacto e, particularmente, da petición municipal de que se proceda á modificación do trazado actual para levar o camiño de ferro fóra da Praza de Os Praceres.

Segundo.- Remitir certificación do presente acordo xunto con copia dos informes emitidos, á Dirección General de Ferrocarriles del Ministerio de Fomento, interesando expresamente a modificación do trazado actual e do proxectado para levar o trazado ferroviario fóra da Praza de Os Praceres, advertindo que este Concello no asumirá el mantemento dos bombeos necesarios para evacuar as águas pluviais dos pasos inferiores que poida xerar á infraestrutura ferroviaria proposta.

### **3.- MOBILIDADE: PROPOSTA RELATIVA Á INTEGRACIÓN DO CONCELLO NA ASOCIACIÓN REDE CIVINET ESPAÑA E PORTUGAL E APROBACIÓN DOS SEUS ESTATUTOS.**

Seguidamente, realízase votación ordinaria, e o Pleno do Concello, por unanimidade (25), que supera a maioría absoluta do número legal dos seus membros, e de conformidade co ditame da Comisión Permanente de Ordenación do Territorio, Infraestruturas, Obras e Servizos, presta a súa aprobación á proposta da Alcaldía e, en consecuencia, acorda:

Primeiro.- Autorizar a participación do Concello de Pontevedra na Asociación Rede Civinet España e Portugal.

Segundo.- Aprobar os Estatutos da Asociación que se xuntan á presente proposta.

Terceiro.- Habilitar ao Sr. Alcalde, don Miguel Anxo Fernández Lores, para representar ao Concello de Pontevedra no acto de constitución da Asociación, así como para realizar cantas xestións e trámites resulten necesarios para impulsar a participación do Concello na dita entidade. O Alcalde poderá delegar esta facultade nos termos previstos na lexislación de réxime local.

A continuación, o **Sr. Alcalde-Presidente** indica:

“Suspéndese o pleno da Corporación en solidariedade cos afectados polas preferentes.”

A continuación o Sr. Alcalde-Presidente dá por finalizada a sesión, sendo ás 11:15 horas, de todo o que eu, Secretario Xeral do Pleno, dou fe.

Visto e praxe

O Alcalde,

O Secretario Xeral do Pleno,

Miguel Anxo Fernández Lores.

José Luis Mato Rodríguez.